

**DEZ TESES SOBRE O CAMBIO
LINGÜÍSTICO (E UNHA NOTA
SOBRE O GALEGO)**

Johannes Kabatek
Universidade de Zürich

1. INTRODUCCIÓN

Polo menos desde os estoicos sabemos que convén, antes de deixarnos enredar en discusións acerca dun suposto problema, cuestiona-los seus presupostos. No caso da teoría do cambio lingüístico, existe unha serie de cuestións fundamentais que aparecen unha e outra vez nos debates e que fan suscitar vivas discusións aínda que, ben visto, están mal presentadas. Nas seguintes liñas reflexionarei acerca dalgunhas desas cuestións.

Moito do que direi non é novo, e aínda que critique certos falsos presupostos, isto non implica o rexeitamento da tradición, todo o contrario: quen di que vai ofrecer algo completamente novo nun dos temas máis tradicionais dunha disciplina normalmente é un ignorante, ou, se non o é, é un sofista, o cal probablemente sexa peor.

Vou presentar as miñas reflexións en forma de dez teses que comentarei brevemente unha por unha. O número de dez corresponde a unha certa estética, á manexabilidade e á limitación temporal e conceptual, pero é en certa medida arbitrario, polo que baixo algunha que outra das teses se tratará máis dun só aspecto, e algún aspecto é tratado en máis dunha tese. Terminarei sobre algunhas observacións, en principio independentes da parte principal, sobre o galego actual.

2. AS DEZ TESES

2.1. Tese 1: “O cambio lingüístico non existe”

A primeira tese é vella, pero continúa sendo actual. É bastante común presenta-lo problema do cambio lingüístico en termos causais, baseado na pregunta de “por que cambian as linguas”, supoñendo dalgún xeito que non deberían cambiar:

as linguas concíbense como entidades estables, e o cambio como algo estraño¹. Hai dúas razóns para isto, a primeira deriva da historia da lingüística e da consideración da lingua como algo separable do falante, e a segunda, moito máis importante, deriva da propia visión dos falantes e da consideración dunha lingua como algo actual, un “état de langue” na terminoloxía de Ferdinand de Saussure, algo que existe neste momento, algo no que o falante está envolvido dalgún xeito e dentro do cal se move sen necesidade de ollar cara á historia.

Esa visión subxectiva, explicable e comprensible pero falaz, vén a miúdo acompañada doutra falacia: a do *tempo* como motor do cambio. Xa Dante Alighieri dicía que o tempo cambiaba a lingua², e no *Cours* de Saussure lemos “le temps change toute chose”: na concepción do *Cours*, hai unha separación entre o individuo e a masa, a lingua existe na masa dos falantes e o individuo non pode cambiar nada. O que actúa entre o individuo e a masa é o tempo, que fai cambiar todo, e a lingua non escapa a esa norma. Obviamente, aquí a argumentación é errada: se non hai posibilidade de cambia-la lingua desde o lado do individuo, ¿como vai haber cambio?³

Cando Eugenio Coseriu en 1958 criticou esa visión da lingua, xa que nela é imposible entende-lo cambio, propuxo volver á actividade do falante e ver o cambio lingüístico non coma algo estraño que ocorre sorprendentemente cun obxecto que na realidade debería ser estable: propuxo, en cambio, separa-la proxección da estabilidade da actividade real dos falantes que por definición é dinámica e desde a que o que chamamos cambio lingüístico non é máis ca un aspecto, unha consecuencia dunha perspectiva determinada. Máis tarde, nun artigo en inglés, Coseriu provoca coa fórmula de “Linguistic change does not exist” —posta entre aspas—, que é a que retomo nesta primeira tese. Houbo lingüistas que non entenderon o xogo paradoxal e provocador desa frase e afirmaron que Coseriu negaba a existencia do cambio lingüístico. Pero o que di Coseriu é diferente: non existe o cambio lingüístico tal como se concibe en gran parte das teorías, e iso ata a actualidade.

¹ Véxase, neste contexto, a discusión levada a cabo na revista *Energeia* 5 (2013-14) sobre explicacións causais e explicacións finalistas na lingüística (<http://www.energeia-online.de/>).

² *De vulgari eloquentia*, IX, 6: “Cum igitur omnis nostra loquela - preter illam homini primo concreatam a Deo - sit a nostro beneplacito reparata post confusionem illam que nil aliud fuit quam prioris oblivio, et homo sit instabilissimum atque variabilissimum animal, nec durabilis nec continua esse potest, sed sicut alia que nostra sunt, puta mores et habitus, per locorum temporumque distantias variari oportet.”

³ Hai que dicir que Saussure tamén se percata diso, cando di noutro lugar: “enfin, c’est la parole qui fait évoluer la langue” (Saussure 1916, 37).

A lingua non é un obxecto externo e estable, non é unha proxección. Se partimos da lingua como proxección sincrónica e comparamos diferentes sincronías, nunca poderemos entende-lo cambio lingüístico⁴. Se facemos unha foto da Praza do Obradoiro un domingo ás oito da mañá e outra dúas horas máis tarde, haberá unha praza baleira por un lado e outra con xente⁵. E podemos preguntarnos: ¿que foi o que provocou o cambio destes dous estados das cousas? Pero o cambio non está nesas dúas proxeccións da realidade, nesas dous momentos. A explicación non está nin na primeira nin na segunda foto, nin na superposición das dúas. A explicación está no que pasou no medio, na suma dos actos individuais de movementos individuais, na finalidade de cada unha das persoas que se moveron a esa praza. Claro que sabemos ou supoñeremos polo noso coñecemento inferencial o que pasou. Pero nos estudos de cambio lingüístico, como a lingua parece algo con vida propia, é frecuente que non se mire a actividade dos individuos senón que se postule algo como unha entidade propia, a cal é movida por unha “man invisible”, como na famosa e exitosa teoría do cambio lingüístico de Rudi Keller⁶ que, ben visto, non é nin unha teoría nin explica nada. Segue sendo certo que, como nos postulados de Coseriu, o cambio da lingua como algo abstracto “non existe”. A lingua, considerada coma algo separado do individuo, non nos vai dar a resposta sobre o funcionamento do cambio. A resposta está nos falantes. E cando parece

⁴ Coseriu desenvolve a súa teoría fronte á concepción do cambio presentada no *Cours de Linguistique Générale* de Ferdinand de Saussure. Actualmente, a cen anos da publicación do *Cours* e á vista de manuscritos de Saussure e dos apuntes dos discípulos, sabemos que para Saussure a separación entre *langue* e *parole* (con clara primordialidade da *langue*) non era tan clara como aparece na edición de Bally et Sechehaye (Béguelin 2011). Xa no *Cours*, Saussure avisa cando fala do exemplo do xadrez que o cambio non está nos estados separados senón no movemento das pezas. E a falacia do tempo resólvese, nalgúns testemuños de Saussure, cunha concepción da *parole* como motor do cambio, unha *parole* moito máis próxima á *enérgeia* humboldtiana do que facía crer o texto do *Cours* (véxase tese 2). A crítica de Coseriu refírese ao *Cours* e non ao verdadeiro Saussure, pero o *Cours*, coas súas afirmacións tan categóricas (mellor probablemente que a visión máis diferenciada do propio Saussure), serviulle a Coseriu como referente óptimo para desenvolver a súa propia teoría.

⁵ Xosé Luís Regueira (c.p.) menciona un exemplo aínda moito máis ilustrativo ofrecido unha vez por Joan Bybee: unha foto dunha árbore ao lado dunha foto dunha mesa, para argumentar que non podía entenderse o cambio mirando dous estados separados (dúas sincronías).

⁶ Keller (1990) tivo moito éxito no mundo xermanófono, e máis adiante, pola tradución do seu manual, no mundo anglófono. A idea principal consiste na distinción entre fenómenos da natureza, artefactos e “fenómenos do terceiro tipo” nos que o produto, contrariamente ao caso do artefacto, non corresponde á intención do produtor (como os sendeiros no campus da Universidade de Düsseldorf, os atascos, a caída da bolsa ou o cambio lingüístico). Neste caso, suponse que hai unha “man invisible” que produce o efecto non-intencionado polos individuos. En todos os exemplos a “causa” última do cambio está, en realidade, na finalidade dos actores individuais.

que os falantes actúan de acordo con criterios superiores, cando parecen guiados por unha “man invisible”, cando crean sistemas sorprendentemente simétricos ou cando parecen andar por sendeiros de gramaticalización tipoloxicamente preconfigurados, a tarefa do lingüista non consiste en separar eses sendeiros da actividade do falante senón todo o contrario: o lingüista debe dar unha explicación do “para que” – “para que” os falantes crean sistemas simétricos, “para que” seguen pautas regulares de gramaticalización. A resposta está neles mesmos, na actividade visible, non no fantasma invisible da man de Keller.

2.2. Tese 2: A esencia do cambio lingüístico está na *enérgia* e non no *érgon*

A segunda tese non é máis que outra formulación da primeira. Foi Humboldt (1836) quen insistiu nesa diferenciación adoptada de Aristóteles da *enérgia* fronte ao *érgon*⁷: a lingua é unha actividade, non é unha obra feita. O dito de Humboldt é un lugar común na teoría do cambio lingüístico, pero moitas veces é unha especie de adorno sen consecuencias. ¡Cantos traballos hai que citan a famosa frase de Humboldt na introdución para despois continuar analizando a lingua como *érgon* e esquecerse das consecuencias reais do postulado da *enérgia*!

A falacia consiste en querer mostrar a esencia a partir de efectos secundarios. É como nas visións antigas que intentaban explicar a media lúa supoñendo que a lúa era un astro nocturno que cambiaba a súa forma con regularidade en vez de darse conta que a lúa non é máis ca un espello da luz solar e que a razón do cambio estaba na súa posición con respecto ao sol e á terra. Por exemplo, a “explicación” do aumento da frecuencia do infinitivo conxugado en certos textos galegos con respecto a textos de épocas anteriores non está nos datos que demostran ese aumento; nin sequera está nas “tendencias do sistema do galego” ou nalgún principio tipolóxico como o da economía ou nunha man invisible que reparte terminacións flexionais. A explicación está na actividade dos que escriben textos nos que prolifera esa forma, ata en casos dificilmente xustificables desde a gramática da lingua, para faceren os textos pareceren máis galegos, soaren máis cultos ou esconderen a castelanización real dos seus autores⁸.

⁷ No ámbito galego, atópase unha clara adopción desa idea, con volta aos termos orixinais aristotélicos, na obra de Amor Ruibal, véxase Kabatek (2009).

⁸ Cf. Kabatek (2000: 132-134).

Pero se o cambio lingüístico está na *enéргеia*, na actividade dos falantes, e non no *érgon*, nos textos producidos, na lingüística histórica estamos diante dun problema. Na lingüística histórica, a partir dunha certa profundidade temporal, os informantes están todos mortos e o único que temos son datos de corpus. ¿Pero que é un corpus? Unha colección de *textos*, non de lingua⁹. O corpus é *érgon*, non *enéргеia*. Na lingüística histórica tratamos datos de épocas diferentes como se foran reflexo directo dun suposto dinamismo da lingua.

Hai pouco, presentamos como na actualidade os programas informáticos permiten mostrar, con base nos datos de corpus, gráficos dinámicos (*motion charts*), con visualizacións do movemento dos fenómenos lingüísticos a través do tempo, coa evolución de construcións ou de colocacións¹⁰. Parece, pois, que por fin a vella idea de Schuchardt de que o único real na linguaxe é o dinamismo e o único visible a proxección estática se resolve mediante o avance técnico¹¹. ¡Parece que por fin podemos ve-lo cambio lingüístico como realmente é, como *enéргеia*, como algo emerxente, algo que se move! Pero hai que andar con coidado: a verdade é que os *motion charts*”, por moi ilustrativos que sexan, por moi sedutores que nos presenten os datos, son en realidade un engano: finxen movemento real, pero mostran movemento calculado entre *érgons*, entre datos dun corpus. O movemento que parece ser movemento de algo é en realidade só a transición entre dúas cifras estáticas: non é un movemento activo levado por unha finalidade; é un movemento pasivo producido pola diferenza entre dous estados calculados cuantitativamente. A lingüística histórica de corpus é unha disciplina que se vende como “obxectiva” da historia da lingua pero é unicamente “obxectiva” con respecto á historia dos datos contidos no corpus. Isto non é de por si un problema, pero temos que ser conscientes diso, tamén cando un estudo se basea en datos “obxectivos” e tamén cando o corpus é grande, “representativo” e filoloxicamente fiable (o que desafortunadamente non é o caso en moitos dos cörpera que manexamos)¹².

⁹ Véxase, neste contexto, Kabatek (2013).

¹⁰ A idea dos *motion charts* foi desenvolvida por Martin Hilpert sobre todo no ámbito dos estudos da historia do inglés, véxase <http://members.unine.ch/martin.hilpert/motion.html>.

¹¹ Véxase Schuchardt (1917).

¹² Véxase Kabatek (2016).

2.3. Tese 3: A innovación individual *non* é cambio

Tamén esta tese é tradicional, pero desde logo non xeralmente aceptada ou tida en conta. É común a equiparación dos fenómenos individuais co cambio. Tanto cando son fenómenos independentes de influencias de outras linguas coma cando se deben a interferencias de outras linguas ou variedades: as “innovacións” individuais poden corresponder a creacións dentro dun sistema lingüístico ou á introdución de elementos de outras linguas, e nese sentido as chamadas “interferencias” son innovacións, xa que alteran as tradicións dunha lingua. “Una interferencia es un canvi”, dicía Lluís Payrató (1985: 58) hai tempo, sen diferenciación entre a individualidade da interferencia e o cambio. Pero o cambio non está aínda na innovación: non o cambio da lingua (como algo comunitario), só o “cambio” da fala do individuo (na que non é “cambio” senón simplemente individualidade inherente ao falar). Se alguén fala galego con acento francés, isto pode ser debido á interferencia desa lingua, pero non é un feito de cambio da lingua galega. “La innovación no es ‘cambio’”, dicía con moita claridade Coseriu (1958 [1978]: 79). O individuo non cambia a lingua: o cambio existe cando a proposta individual pasa a ser adoptada por outros e cando pasa a ser un feito colectivo na comunidade dos falantes. É moi pouco probable que o acento estraño dun individuo pase a cambiar unha lingua, fan falta circunstancias históricas moi particulares para que algo semellante aconteza.

A diferenciación entre innovación individual e cambio ten numerosas consecuencias. ¿Que facemos cando miramos un corpus histórico? Atopamos unha forma nunha época remota e dicimos “xa existía daquela en galego” (e pode ser que teñamos razón). Por exemplo, é moi coñecido aquel caso único medieval do que parece ser un pronome de solidariedade galego: “ca elles nõ che am y culpa nêhũa”¹³. Trátase dun hápax sintáctico, pero dun hápax que é interpretable como indicio da existencia do pronome de solidariedade xa nesa época. O importante é a palabra “interpretable”: na lingüística histórica (e non só nela) dispoñemos de datos individuais que son indicios da lingua da época. Pero sempre son testemuños individuais, e se unha forma aparece unha única vez ou se aparece uni-

¹³ O exemplo aparece na tradución da Crónica xeral alfonsí ao galego: “Rey, nõ as por que teer nêhũu destes que comigo som presos, que por m̃j soo aueras quantos y som, et nõ lles faças nêhũu mal, ca elles **nõ che am y culpa nêhũa**” (Lorenzo 1975: 130).

camente nun autor, o labor do lingüista non consiste nunha simple afirmación da existencia do fenómeno na época determinada senón da interpretación do valor que pode ter o exemplo en cuestión na historia da lingua. A lingüística histórica é, pois (como a lingüística en xeral), unha tarefa hermenéutica e o dato individual (como tamén os datos do corpus) non é o fin da análise do cambio lingüístico, é mais ben o inicio¹⁴.

2.4. Tese 4: A clave do cambio lingüístico está *entre a fala e a lingua*

Isto non quere dicir, claro está, que a innovación individual non teña importancia; todo o contrario: as innovacións dos individuos son *propostas* de cambio, e a adopción por parte de outros individuos pode chegar a establecer un saber común que leva á integración desa proposta no inventario dunha lingua. Obviamente este proceso non ocorre nun instante, pode ser moi complexo e consistir en diferentes tipos de xeneralización extensiva e intensiva: extensiva, en canto á xeneralidade dun fenómeno nunha comunidade lingüística, e intensiva, en canto a xeneralidade dunha regra nun sistema lingüístico. É precisamente ese proceso de selección o que nos debería interesar no estudo histórico. Un proceso nada simple e desde logo non puramente frecuencial. Medir puras frecuencias de fenómenos nun corpus é medir epifenómenos de *érgons* e non chegar ata a *enérgeia*. ¿Pero podemos ir máis alá? Obviamente os datos históricos teñen as súas limitacións, pero a limitación dos datos non xustifica simplificacións na concepción do obxecto mesmo. A linguaxe humana sempre existe na súa totalidade, por moi restrinxido que sexa o noso acceso a algún fenómeno histórico concreto.

2.5. Tese 5: Entre falante e oínte hai asimetría

Se a fala é un fenómeno individual e o proceso do cambio consiste na adopción dunha innovación individual por outros individuos, entre a innovación e a adopción ten que haber, por definición, unha fase de asimetría, que despois leva a unha nova simetría. De feito, a lingüística tradicional non reparou demasiado

¹⁴ A este respecto é interesante (aínda que non sen problemas) a proposta de Mario Barra (2015) do que el chama o “método idiolectal”: o estudo da historia da lingua a partir de córpora que consisten na obra de individuos.

nese feito asimétrico, que se dá en dous sentidos: como asimetría “interna” entre un sistema con ou sen elemento innovador, e como unha asimetría “externa”, entre variedades diferentes. Ningunha das dúas asimetrías leva necesariamente ao cambio; de feito, elas forman parte do funcionamento normal das linguas. Para dar un exemplo de asimetría “interna”: sabemos que o artigo nas linguas románicas emerxe, polo menos en parte, a partir dos demostrativos usados naqueles contextos onde o falante usa o deíctico para referentes identificables para el pero non identificables no espazo comunicativo para o oínte. O fenómeno do uso “anamnésico” dos deícticos é coñecido da lingua actual cando alguén usa demostrativos para referentes non visibles para o oínte: “cheguei a esa praza e alí estaba esa muller que me miraba como se me coñecera”. É un fenómeno que podemos observar en moitas linguas, unha estratexia pragmática de vivificación que suxire que o oínte tamén “ve” o referente, involucrándoo nos acontecementos. Pero na realidade é a manifestación da asimetría entre o que sinala algo que ve e o que ve o sinal cara a algo que el non ve. Esta asimetría é un cambio lingüístico *in potentia*: é unha innovación, é un uso “impropio” dun elemento deíctico. Ese elemento deíctico non é deíctico para o oínte, e se non é deíctico é unicamente un elemento actualizador, que cumpriría unha función que adoita ser a dun artigo e pode ser reanalizada como tal. Pero a innovación, aquí tamén, non é cambio, e os deícticos románicos úsanse nese tipo de contexto desde hai moito tempo sen que houbera reanálise. Pero para que a haxa, necesitamos o escenario previo da introdución da asimetría por innovación.

O segundo tipo de asimetría, a asimetría “externa” chama máis a atención e coméntase frecuentemente no discurso metalingüístico. Trátase da asimetría entre falantes de dúas variedades diferentes, unha asimetría que contén tamén o potencial do cambio dada a posibilidade de acomodación dos falantes, de creación de (ou de achegamento á) simetría. Na cultura lingüística europea moderna, a simetría entre falantes de variedades diferentes chegou a ser tan común que parecía xa unha especie de universal lingüístico, e de feito algo universal hai nesa tendencia a falar coma o outro. Pero a simetría como doutrina, como norma de cortesía e como regra de comportamento é tamén un feito cultural, xeneralizado na Europa desde o Renacemento co ideal da unidade da lingua e a ideoloxía da estandarización, tendencia levada ao seu punto extremo pola Revolución Francesa e o ideal da *égalité* lingüística, un ideal en parte absurdo

e inconcibible, por moito que apreciemos os valores da Revolución Francesa. Desde a perspectiva da Suíza alemá, vese que o ideal da simetría é unha cuestión basicamente de *cultura*, dunha cultura aprendida e non necesaria: na Suíza alemá (non nas áreas das outras linguas), os falantes de diferentes variedades comunican cada un no seu dialecto, comprendéndose mutuamente e aceptando a diverxencia¹⁵. Tamén en España, despois da ideoloxía do “hablar en buen cristiano” e da preferencia dun estándar unilingüe para a comunicación entre falantes de diversas rexións, unha cultura asimétrica estase a estender cada vez máis, sobre todo nas xeracións máis novas, en parte como reacción á ideoloxía monovarietal anterior.

A acomodación non é necesaria, e podemos tamén mostrar resistencia a ela. E desde logo non hai necesidade de acomodación anticipada: por exemplo, falar castelán cos descoñecidos por se acaso fose a súa lingua. En Suíza, os falantes falan dialecto en xeral cambian ao estándar (lingua normalmente non dialóxica e unicamente ritual e moi formal) ou a outra lingua só cando se dan conta que o outro non os entende. Obviamente, se o galego tivera o prestixio que teñen os dialectos da Suíza xermanófona, a situación lingüística galega sería outra.

2.6. Tese 6: O lugar do cambio é o texto/discurso

Ata aquí falamos de lingua e de fala, pero non falamos de outro aspecto fundamental da linguaxe humana. A interacción humana non é uniforme, corresponde a diferentes prácticas sociais, e nesas prácticas establécense tradicións, tradicións que, na terminoloxía adoptada de Peter Koch (1987), chamamos *tradicións discursivas*. As tradicións discursivas poden vincularse con prácticas discursivas de tódolos días como saudar, expresar emocións, declarar o amor, pedir unha cervexa nun bar ou desexar sorte; prácticas vinculadas coa lingua escrita como escribir unha mensaxe de whatsapp, un ensaio, un traballo de carreira ou unha tese de doutoramento. As prácticas discursivas están organizadas ao longo dese continuo que Peter Koch e Wulf Oesterreicher chamaron de “inmediatez” e “distancia” (Koch / Oesterreicher 2007), un continuo entre dous polos extremos, marcado por preferencias de medio (oral, no polo da inmediatez, e escrito, no polo oposto)¹⁶.

¹⁵ Véxase Kabatek (2015), con bibliografía sobre acomodación lingüística.

¹⁶ Kabatek *no prelo*.

É importante sinalar que as tradicións discursivas son as que estratifican o continuo entre inmediatez e distancia, e que as formas lingüísticas non flotan no aire senón que se asocian con textos e tradicións de textos. Visto así, as innovacións tamén se dan en textos, sexan estes escritos ou orais, e despois de apareceren nunha tradición discursiva determinada, poden estenderse de alí a outras. Isto quere dicir que, por un lado, non basta con estudar a diacronía: temos que estudar unha diacronía diferenciada coas súas tradicións respectivas, e temos que estudar onde aparece unha innovación e como pasa dunha tradición a outras. E temos que fixarnos nos momentos de creación de novas tradicións discursivas nunha lingua xa que eles son, polo outro lado, tamén momentos innovación lingüística.

2.7. Tese 7: O contacto de linguas vén determinado polas tradicións discursivas

Dito isto, hai que modificar tamén a visión simplista do contacto lingüístico e da interferencia lingüística. A interferencia non é só interferencia entre linguas: a interferencia dáse pola presenza de máis dunha lingua na mente dun falante, e do coñecemento que ese falante ten de diferentes tradicións discursivas nas linguas de contacto. Cando unha tradición discursiva existe nunha das linguas e non na outra e a outra intenta crear textos que corresponden a esa tradición discursiva, os novos textos serán lugares de interferencia, é dicir: na finalidade de produción deses novos textos, o falante vai facer entrar en contacto as linguas, e non as linguas sen máis senón as linguas precisamente tal como se dan neses textos determinados. Un exemplo: existe no castelán unha prosodia particular dos discursos públicos, da predicación, das noticias do telexornal, e esa prosodia é a que aparece no galego no momento de crear eses textos en galego. ¿Por que? Porque os falantes que crean eses textos proceden das capas castelanófonas, iso si, pero tamén porque os modelos textuais deses ámbitos son os que transmiten modelos prosódicos particulares¹⁷.

2.8. Tese 8: O lugar do cambio é a interacción

De todo o dito anteriormente resulta claro que a clave do estudo do cambio lingüístico só indirectamente está no estudo dos textos, como manifestacións in-

¹⁷ Kabatek (2000: 123-142).

dividuais, ou das “linguas” como abstraccións; as innovacións e o cambio vense, na realidade, na interacción dos falantes. É o máis difícil de estudar, pero non por iso deberíamos deixar de facelo. Para estudala, deberíamos estar abertos a métodos novos, alén da mera observación, métodos experimentais, por exemplo, que permitan tamén ter un certo control sobre as variables da comunicación. E en épocas para as que só dispoñemos de testemuños escritos, estes non poden ser máis que o punto de partida da interpretación dos procesos de cambio, inferidos, segundo o principio de actualidade, dos procesos actuais.

2.9. Tese 9: O cambio pode ser “consciente”

Un dos tópicos da teoría do cambio lingüístico desde o século XIX é o da “inconsciencia” do cambio lingüístico. Poderíamos encher páxinas con xuízos que afirman que os falantes non saben o que fan cando falan, que os falantes non son lingüistas, e que cando a lingua cambia, os falantes non se decatan diso: falan sen máis, e non se dan conta da man invisible que está alterando o seu comportamento¹⁸. Danse incluso casos onde os falantes negan o que están facendo, como nas subordinadas causais do alemán, onde a norma do estándar prescribe a inversión sintáctica e a colocación do verbo no final da oración (*ich komme nicht, weil ich krank bin* ‘non vou porque estou malo’). Na lingua falada, porén, é moi común a orde V2, a orde normal e non-marcada das oracións principais (*ich komme nicht weil ich bin krank*). Moitos falantes, interrogados sobre o fenómeno, negan que o producirían, ás veces acompañando a argumentación dunha causal sen inversión (*ich würde das nie tun weil ich spreche ja richtiges Deutsch!*, ‘nunca o faría xa que falo alemán correcto’, en vez da orde estándar *weil ich ja richtiges Deutsch spreche*). É coma se un galego, interrogado pola anteposición do pronome átono, dixera algo como “me parece imposible facer algo así”. Este tipo de xuízos é rechamante se pensamos que hai toda unha rama da lingüística que critica o carácter problemático dos datos de corpus preferindo xuízos introspectivos dos falantes. Os

¹⁸ No *Cours* de Saussure afirmase “que la réflexion n’intervient pas dans la pratique d’un idiome; que les sujets sont, dans une large mesure, inconscients des lois de la langue” (Saussure 1916: 106). Pouco antes, Boas dixera: “The linguistic classifications never rise into consciousness [...] The great advantage that linguistics offers [...] is the fact that on the whole, the categories which are formed always remain unconscious, and that for this reason the processes which lead to their formation can be followed without the misleading and disturbing factors of secondary explanations.” (Boas 1911: 70-71)

falantes poden equivocarse nesos xuízos, e por iso eses xuízos non se poden usar sen máis como datos que reflicten o comportamento lingüístico real.

Pero de aquí ao postulado da inconsciencia do cambio lingüístico hai unha serie de inferencias inaceptables. Primeiro é inaceptable falar de inconsciencia en relación coa fala humana. Falar nunca é inconsciente: é a expresión fundamental da nosa consciencia, e o inconsciente non fala. Aquí faría falta entrar nun debate sobre a teoría psicolóxica da consciencia e en cuestións de terminoloxía, pero en realidade, cando se di “o cambio lingüístico é inconsciente”, o que se quere dicir é outra cousa. Na realidade, trátase da cuestión de se o cambio pode ocorrer sen o control explícito dos falantes. É obvio que, á hora de falar, facemos cousas que, ben pensadas, non as teríamos feito. Sobre todo na lingua oral, a planificación *online* do discurso corresponde moitas veces a outras normas que o intento de falar de maneira exemplar, por exemplo nunha situación formal. E se alguén coloca o pronome diante do verbo onde unha gramática tradicional galega preferiría a énclise, poderá dicir que foi “sen querer”, pero en realidade a anteposición non se dá sen máis; ela mostra unha finalidade do falante: hai un “querer” implícito, un querer que neste caso pode corresponder a unha tendencia implícita de sistematización, a unha tendencia do falante a estruturar a gramática galega segundo outra gramática, a da lingua de contacto, presente na súa mente. Ou incluso a unha vontade internamente galega, sen ter que recorrer a influencias de fóra, xa que non hai razóns para dicir que a tendencia panrománica que favoreceu a próclise non actúa no galego. Fronte a ese “querer” implícito hai outro “querer”, un querer explícito, unha vontade que se pode formular metalingüísticamente e que corresponde a unha análise explícita do comportamento dos falantes, tanto do seu propio como do comportamento dos seus interlocutores.

Obviamente, ese segundo “querer” —a miúdo en conflito co primeiro— tamén existe, o querer explícito e reflexionado, o querer “falar ben”, a monitorizaxe (Krashen 2003), o mirar cara á propia actividade e o control dela¹⁹. Igual que cando controlamos o que dicimos para ser corteses ou descorteses, para acadala simpatía do outro ou para evitar tabús. Cando falamos cun neno procuramos

¹⁹ Labov (1994: 78) distingue, como é sabido, entre cambios “desde arriba” e cambios “desde abaixo”, dicindo que os cambios de arriba moitas veces son cambios dos que se percatan os falantes: “changes from above are introduced by the dominant social class, often with full public awareness”. En realidade, aquí Labov mestura dúas cousas: a cuestión dos cambios en textos de inmediatez e de distancia, por un lado, e a cuestión da reflexión metalingüística (presente doutra maneira, iso si, nos dous polos comunicativos).

evitar palabras consideradas vulgares, cando falamos co cura non dicimos “hostia” e cando falamos cun estranxeiro evitamos palabras ou expresións que nos parecen demasiado complexas ou que poderían resultar incomprensibles para el. Todo isto non cambia a lingua, é unicamente o control que temos do noso propio falar, pero obviamente, se o control non é limitado a unha situación moi particular, pode levar ao cambio. En alemán, a palabra *Fräulein*, diminutivo de *Frau*, completamente normal como tratamento das solteiras ata hai uns corenta anos, practicamente desapareceu por se considerar discriminatoria. Cando un falante evita unha palabra anteriormente común, crea, negativamente, unha innovación, un candidato para o cambio xa que tanto a introdución de formas novas coma o evitar formas vellas é “creación”, innovación con respecto á tradición anterior. Se esa creación é reproducida e corresponde a unha vontade colectiva, pode levar ao cambio. Se todos pensan que o infinitivo conxugado soa a galego culto, será revitalizado polo menos nos textos de distancia; se todos pensan que dá igual onde colocámo-lo pronome átono, o galego de Vigo pasará á historia como a vangarda dunha variedade innovadora.

A cuestión ben presentada non é, pois, se o cambio é consciente ou non; a cuestión axeitada é se neste ou naquel cambio concreto tivo ou non que ver algunha reflexión metalingüística. Segundo a comunidade, segundo a situación histórica e segundo o fenómeno concreto, o papel da reflexión metalingüística é máis ou menos importante. Fenómenos coma o da revitalización urbana da gheada e da súa conversión, desde a forma desprestixiada, en forma de certo prestixio e símbolo de galegitude ou de progresividade, claramente non son imaxinables sen a correspondente tematización metalingüística e marcación explícita do fenómeno. O mesmo vale para a anteposición do pronome en perífrases de tipo “teremos que o facer” no galego escrito e en moitos outros casos de aumento frecuencial de certas formas en certos ámbitos nas últimas décadas.

Noutros casos, como o da perda de certas distincións vocálicas, o cambio parece pasar máis desapercibido. Cando analizámo-lo cambio lingüístico, deberíamos, pois, procurar reconstruír ese continuo entre cambios non tematizados, “desapercibidos” e cambios tematizados metalingüísticamente. É unha tarefa complexa, xa que se trata, por un lado, dun continuo entre formas estereotipadas e formas nunca tematizadas, e polo outro lado a tematización pode ser máis ou menos implícita ou vaga. Cando se di “os de tal e tal lugar cantan” ou

“falan máis de vagar”, non son xuízos a tomar a pé da letra, pero indican que hai percepción dunha diferenza. E, finalmente, cando hai falantes que din que non saben falar cunha entoación determinada porque “non lles sae” e de repente os mesmos falantes son capaces de imitar precisamente esa entoación, vemos que non se trata unicamente dun problema de competencia senón tamén de actitude.

2.10. Tese 10: A planificación da lingua é imposible

Esta última tese é provocadora e préstase ao malentendido. Pero é obviamente certa, polo menos nun sentido estrito da idea de planificación. É inxenuo pensar que unha lingua se pode modificar nun escritorio: inxenuo porque corresponde a unha clara imposibilidade. Se tomamos en serio o que dixemos antes, fala e lingua non son o mesmo e a lingua corresponde a un saber *compartido*. O único que realmente pode facer o planificador lingüístico —alén de casos moi especiais coma o do Esperanto de Zamenhof— é, pois, facer propostas, ademais de planificar a súa propia fala. Incluso no caso máis extremo da imposición violenta dunha innovación, o que se procura impor non é a innovación senón a súa adopción, algo cando menos problemático e, en xeral, contraprodutivo e con efectos máis ben contrarios á intención.

A planificación lingüística é imposible de maneira directa: a lingua é unha convención social e a planificación non pode cambiar unha competencia compartida de maneira directa. A planificación pode, iso si, propoñer formas, propoñer exemplos, crear as condicións para que os falantes actúen dunha maneira determinada. “The planner proposes and the community disposes”, dicía Einar Haugen (1966: 24). A planificación propón innovacións e a comunidade determina se son aceptadas, se vai haber cambio ou non. Dado que o efecto da planificación pode ser paradoxal, dado que os falantes poden reaccionar, segundo as actitudes fronte á planificación, precisamente co rexeitamento e non coa aceptación das propostas, a planificación hase ver como algo altamente sensible e complexo, algo que non se pode limitar a esta ou aquela campaña ou a un plan de normalización que pode ser máis papel ca realidade. A mellor planificación é a que chega á xente e que corresponde ou provoca á vontade dela: unha planificación atractiva, con modelos que inciten á imitación e outros que provoquen a

condena. A mellor planificación é democrática, non imposta: actúa convencendo, ofrecendo programas competitivos que van obter o “voto” dos falantes.

A mellor planificación toma en serio a vontade da xente, e se a maioría dos galegos quere explicitamente —e isto é claramente o caso— que o galego teña futuro, a planificación debe indica-lo camiño cara a un futuro digno da lingua. Ese camiño debe incluír a crítica á erosión interna xa que os planificadores como expertos en lingüística deben saber que os escenarios de morte de lingua son externos e internos: externos, por perda de falantes, e internos, por erosión interna da lingua.

Unha vez, hai anos, un representante da política lingüística do Goberno galego díxome que o que importaba era que a xente falase galego, e non importaba como falaban mentres falaban. Obviamente foi unha voz illada, pero é certo que houbo en Galicia máis campañas a favor do emprego da lingua ca discusións sobre a súa calidade, como se o mero feito de falar galego, e non importa que galego, xa fose un avance na política lingüística. Pero unha política lingüística que nun caso como o galego, con erosión interna da lingua, non se dá conta da importancia da corrección idiomática, non está en realidade impedindo a agonía do idioma²⁰.

3. CAMBIO LINGÜÍSTICO NO GALEGO ACTUAL

Con estas últimas observacións xa estamos no caso do galego, e permítome rematar con algunhas observacións sobre a lingua galega actual. O galego é unha lingua idónea para o estudo de certos fenómenos de cambio lingüístico. Precisamente polas transformacións sociais e políticas das últimas décadas, polo alto grao de tematización metalingüística, a tensión entre contacto intenso (nalgúns zonas e nalgúns falantes), por un lado, e relativa independencia (noutras zonas e outros falantes) polo outro, o alto dinamismo do galego ofrece un interesantísimo laboratorio lingüístico e numerosas posibilidades de estudo. O galego permite

²⁰ Neste sentido, tamén é importante observar que en Galicia floreceu, desde hai décadas, a socioloxía da linguaxe e que dispoñemos de moitísimos estudos sobre o emprego do galego en diferentes ámbitos da sociedade, con datos na maioría dos casos introspectivos (e en certa medida atitudinais) dos falantes que din que falan galego ou castelán en tal e tal situación, pero sen datos exhaustivos sobre os referentes concretos —moi variados—deses dous glotónimos. Para a temática da “dignidade” das linguas, véxase tamén Kabatek (2011).

estuda-la innovación lingüística en tódolos ámbitos; permite estuda-lo contacto en falantes de diversa índole, con diferentes linguas e variedades maternas e con diferentes orientacións. E permite, ademais, estuda-las consecuencias colectivas das innovacións, a competencia entre diferentes tendencias que se dan na lingua actual.

Pero ¿cara a onde vai o galego actual? ¿Cal é o seu futuro? Limitareime aquí a discutir brevemente dous aspectos: primeiro, o da “deriva” do sistema lingüístico, e segundo, o de diferentes tendencias na sociedade galega actual. Identificarei dúas tendencias problemáticas, saíndo un pouco da visión puramente descritiva e entrando nunha visión interesada, de falante adoptivo que se encariñou coa lingua e que se preocupa polo seu porvir. Para rematar, presentarei unhas reflexións sobre unha terceira perspectiva, esa si prometedora e de esperanza.

3.1. “Deriva”, purismo e cambio

A lingua galega está, non hai que facerse ilusións, nunha situación altamente difícil. E iso máis alá de calquera cuestión política ou ideolóxica, desde un punto de vista unicamente lingüístico. Para investigarmos o cambio lingüístico no galego actual, hai que precisar, en primeiro lugar, o obxecto de estudo e identificar a lingua máis alá das individualidades da fala. Pero ¿que é a lingua galega? ¿Cara a onde vai? Parecen preguntas banais pero son altamente complexas. Miremos os seguintes dous exemplos. Se mirámo-las gramáticas que se consideran descritivas, decatámonos de que o galego carece de formas analíticas temporais gramaticalizadas no seu sistema verbal e de que a súa sintaxe pronominal conserva máis ou menos o estado das linguas iberorrománicas da Idade Media. Pero se saímos fóra e falamos coa xente, oímos a cada momento, incluso en variedades non moi castelanizadas, construcións coma “había feito” ou “houbera dito”, e no galego da televisión ou no galego urbano de Vigo semella que “me parece” e “me gusta” son formas máis frecuentes ca non “páreceme” e “gústame”.

Claro que o galego urbano de Vigo (que chamo así segundo unha escolla prototípica, sabendo que o fenómeno no fondo non é diatópico e que se dá en moitos lugares) é un galego de neofalantes e que corresponde a unha extensión social das interferencias masivas co castelán; un fenómeno grupal que levou a unha especie de crioulización dentro do galego, cunha variedade híbrida de moi pou-

cas características diferenciadoras con respecto á lingua de contacto. Poderíamos dicir, como ás veces se fai, que simplemente non é galego. Pero ¿quen define os límites da lingua? ¿Quen ten o dereito de decidir sobre a inclusión e a exclusión de innovacións, sexan elas autóctonas ou importadas? Nesa “discusión” implícita e explícita dentro da sociedade galega, quen fala segundo o sistema tradicional defenderao, e quen fala segundo o sistema innovador fará o mesmo, e a cuestión é cal dos dous grupos é o que triunfará co tempo.

Ese “galego de Vigo” é unha variedade interesantísima desde o punto de vista descritivo (e altamente problemática desde o punto de vista normativo), estudada só en parte, e de relevancia para a comunidade internacional dos lingüistas que estudan fenómenos de contacto. O galego, xunto co euskara e o hebreo moderno, parece ser unha lingua na que os neofalantes marcan, polo menos en parte, as pautas do futuro: falantes marcados por unha lingua materna diferente²¹.

O que é interesante no caso dos neofalantes e na configuración histórica particular do galego é que parece ser que eles, nunha perspectiva da evolución da lingua, están na vangarda do proceso de cambio lingüístico: falan un galego tipoloxicamente “avanzado”, un galego do futuro. ¿Por que o galego vai ser a única lingua románica sen formas analíticas temporais gramaticalizadas no sistema verbal? Ninguén dubida da existencia da forma “vou facer” para a expresión do futuro. ¿Por que non aceptar a existencia dun “había feito”? ¿Por que o galego vai ser a única lingua románica que conserva a lei de Wackernagel en plena vixencia, e non pode comezar unha frase non-marcada cun pronome clítico? Se hai anteposición incluso no portugués polo menos na variedade brasileira, ¿por que non en galego? ¿Ou é que o galego ten que ser necesariamente unha lingua románica de onte, do pasado? ¿Non ten dereito á evolución? Poderíase argumentar así. Pero o problema dos falantes urbanos con formas compostas, cinco vogais, despalatalización e sintaxe pronominal proclítica é que non falan así por evolución “interna” da lingua, non gramaticalizan paulatinamente formas primeiro resultativas e despois, por metonimia, temporais: fan todo o que fan por interferencia, por contacto con outra lingua, por influencia doutro sistema. É unha pura casualidade que nestes casos as

²¹ É interesante ese fenómeno tamén porque presenta moitos paralelismos co que se vén chamando ultimamente o estudo dos *falantes de herdanza* (‘heritage speakers’), con respecto ao cal algúns autores falan dun “campo nacente” (cf. Rothman 2009) no que se buscan aínda as ferramentas de descrición axeitadas. A longa experiencia que ten a lingüística galega na descrición do neofalantismo ofrecería unha interesante base de comparación empírica, metodolóxica e teórica para o estudo dos falantes de herdanza.

tendencias correspondan a unha tendencia xeral observada nas linguas románicas: é por que a lingua de contacto está, en certa medida e en certos casos, tipoloxicamente máis “avanzada” nos sendeiros de gramaticalización. Pero non creo que se adopte por iso o sistema innovador; adóptase polo prestixio do castelán sen máis, e se a situación fose a inversa, se o castelán tivese formas menos gramaticalizadas, elas adoptaríanse igual, xa que o criterio nada ten que ver coa deriva interna do sistema gramatical do galego: é simplemente castelanismo. Desde unha perspectiva máis normativa e política, péreceme que o castelanismo, confundido con progresismo gramatical, pode levar tamén a un dos maiores enganados da historia do galego e a algo que realmente pon en perigo a lingua. Se se acepta como galego todo o que en realidade vén da lingua de contacto, ¿onde quedará o galego? ¿Dá realmente igual que galego se fala mentres se fale galego? ¿Que é o que define o galego fronte ao castelán? ¿As vogais? ¿Os pronomes? ¿Algún *coido que* metido no inicio dunha frase en castelán? ¿Que é máis galego: o castelán dalgúns falantes que distinguen sete vogais e que manteñen un sistema verbal galego ou o “galego” urbano case totalmente castelanizado? ¿Onde están os límites entre as linguas? ¿A partir de que momento a lingua deixa de ser lingua e se converte ou nun acento local ou nunha parodia do que nalgún pasado foi expresión íntima da xente e símbolo da súa identidade? O que resulta claro é que unha negligencia total, unha tolerancia total cara ao castelanismo, unha aceptación do “calquera cousa vale” dentro da sociedade galega non é na realidade signo de tolerancia do galego senón signo do desprezo e da falta de resistencia, necesaria para a supervivencia de calquera lingua.

O outro extremo é o do purismo, a defensa extrema do galego fronte á invasión do castelán, incluída a castelanización histórica. Ese purismo é sentido como unha especie de necesidade, como un contrapeso, unha vía de salvación. Pero o purismo radical tamén separa a prescrición de certas realidades da fala. E iso é un perigo xa que os falantes en certa medida son os que teñen razón á hora de falar, en non os lingüistas. Parece paradoxal: é necesario sinalar a dignidade da lingua e crear unha consciencia do que é galego fronte ao que non o é, e ao mesmo tempo é perigoso dicirlles aos falantes o que deberían facer, xa que moitos senten o galego castelanizado como seu e non queren que desde unha autoridade —nin política nin lingüística— se lles diga o que teñen que facer.

Ningunha das dúas vías, nin o neofalantismo de libre castelanización, nin un purismo anticastelán extremo poden garanti-lo futuro da lingua. Unha castelani-

zación descontrolada leva á erosión da lingua por dentro, a un galego que xa non é galego. E un purismo que se opón demasiado ás realidades da fala pode chegar a separar demasiado a utopía da lingua purificada da realidade dos falantes.

3.2. O galego pode ter futuro

Pero non quero rematar de maneira pesimista e deixar todo en dúas vías sen futuro. Existe obviamente unha terceira vía, unha vía de modernización a partir da realidade galega, unha vía na que, ademais, neofalantes e puristas poden confluír. Ante todo, é importante sinalar unha frecuente confusión: a planificación lingüística non prohibe que o falante fale como fale; a planificación lingüística procura fomentalo uso da lingua en tódolos ámbitos e purificala nos ámbitos formais e escritos. A lingua do ensino, a lingua dos usos escritos, a lingua dos medios de comunicación debe corresponder a un modelo coherente cos criterios de planificación, non a fala de tódolos días da xente. Existe, iso si, o perigo da separación entre as variedades formais e informais, pero esa separación tamén é ata certo grao normal en tódalas linguas e se os modelos formais saen das variedades tradicionais e non da lingua de contacto, serán tamén modelos para a imitación.

Nas variedades faladas, unha importante mostra da terceira vía é o neogalego urbano, ese neogalego renovado de falantes urbanos que senten un compromiso pola lingua, sexan eles neofalantes ou galegofalantes de sempre, e asumen que para levar a lingua adiante fai falta un certo esforzo: o esforzo de falala fronte á lingua de contacto e o esforzo de coidala e de preferir formas galegas fronte a formas castelás.

Pero o futuro do galego non está só neses núcleos urbanos. O galego é unha lingua tradicionalmente rural e mariñeira, e se perde os seus ámbitos tradicionais, poucas posibilidades de supervivencia vai ter. Tradicionalmente, o castelán vén asociado co progreso, e o progreso económico e social da Galicia rural foi, paradoxalmente, un dos maiores inimigos do galego. Sería eticamente moi problemático critica-lo progreso económico do campo para mante-los ámbitos tradicionais do galego. Se o paso da agricultura tradicional a unha agricultura con sistemas informatizados de organización é acompañado da castelanización, non hai que critica-lo progreso senón desvincular as dúas linguas desas connotacións. Neste sentido, é moi importante ver que existen núcleos rurais renovados,

de progreso, de dinámica económica e de modernización que ao mesmo tempo manteñen o galego, ás veces en formas moi pouco castelanizadas e dialectais, pero acompañando a modernización económica co mantemento da lingua; núcleos tanto nos ámbitos da agricultura coma no artesanado, na pequena industria e no sector terciario.

Galicia sempre foi un exemplo, en comparación con outras situacións, dunha comunidade onde a lingua local tiña porcentaxes enormemente altos de falantes, e por iso a preocupación pola lingua parecía ser menor ca noutras comunidades. Pero se hoxe en día á omnipresenza do castelán sumamos a omnipresenza de formas do galego cada vez máis castelanizadas, os núcleos do galego renovado, tanto urbano como rural, están en clara minoría. Pero eses núcleos son a forza do idioma, os seus falantes poden ser os garantes do futuro da lingua, sobre todo se non van en retroceso senón en expansión.

4. CONCLUSIÓNS

O noso percorrido levounos por diferentes teses, diferentes aspectos do cambio lingüístico e fíxonos aterrar no galego renovado urbano e rural. Galicia é un escenario dinámico e vivo do cambio lingüístico; en Galicia temos diante dos nosos ollos un laboratorio da actualidade que tamén permite servir como punto de partida para incursións históricas. En Galicia podemos estudar procesos de gramaticalización, de reanálise, escenarios de morte de lingua e de revitalización; podemos estudar como a reflexión metalingüística intervén á hora de falar e podemos ver os alcances e límites de planificación. E talvez sexa interesante converter este país aínda máis nun laboratorio de planificación lingüística. Sería interesante ver, por exemplo, se a planificación lingüística, claramente presente no neogalego urbano, ten ou non algún impacto sobre o mantemento e a modernización do galego no ámbito rural. Tanto impacto positivo coma impacto negativo, por suposto. E sería interesante saber cales son os factores no marco ecolingüístico que favorezan que haxa falantes que leven adiante ese proceso de renovación, e facer todo para que eses factores se fomenten. Deste xeito, a análise dos procesos de cambio lingüístico non sería unicamente unha tarefa académica e un exercicio intelectual senón que podería axudar a garanti-lo futuro da lingua.

AGRADECEMENTOS

Grazas a Lorenzo Tomasin e a dous revisores anónimos deste traballo polas importantes correccións e suxestións dunha versión previa deste traballo. E grazas a Xosé Luís Regueira polos seus comentarios e correccións.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- BARRA JOVER, Mario (2015): «Método y teoría del cambio lingüístico: argumentos en favor de un ‘método idiolectal’», en José María García Martín (ed.), *Actas del IX Congreso Internacional de Historia de la Lengua Española (Cádiz 2012)*. Madrid: Iberoamericana / Vervuert, 263-292.
- BÉGUELIN, Marie-José (2011): «Linguistique de la langue et linguistique de la parole», en *Mélanges en l'honneur d'Alain Berrendonner*. Bruxelas: De Boeck-Duculot, 641-661.
- BOAS, Franz (1911): «Introduction», en *Handbook of American Indian languages*. Washington D.C.: Government Printing Office, 5-83.
- COSERIU, Eugenio (1958 [1978]): *Sincronía, diacronía e historia. El problema del cambio lingüístico*. Montevideo, 1958 / Madrid: Gredos, 1978.
- COSERIU, Eugenio (1983): «Linguistic Change does not exist», *Linguistica Nuova ed Antica* 1, 51-63.
- HAUGEN, Einar (1966): *Language conflict and language planning. The case of modern Norwegian*. Cambridge, MA: Harvard University Press.
- HUMBOLDT, Wilhelm von (1836): *Über die Verschiedenheit des menschlichen Sprachbaues und ihren Einfluß auf die geistige Entwicklung des Menschengeschlechts*. Berlín: Dümmler.
- KABATEK, Johannes (2000): *Os falantes como lingüistas. Tradición, innovación e interferencias no galego actual*. Vigo: Xerais.
- KABATEK, Johannes (2009): «Fontes e contexto europeo da lingüística segundo Amor Ruibal», en Andrés Torres Queiruga / Antonio Domínguez Rei / Pablo Cano López (eds.), *Amor Ruibal, filólogo*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 193-217.
- KABATEK, Johannes (2011): «Algunos apuntes acerca de la cuestión de la ‘hibridez’ y de la ‘dignidad’ de las lenguas iberorrománicas», en Yolanda Congosto Martín / Elena Méndez García de Paredes (eds.), *Variación lingüística y contacto de lenguas en el mundo hispánico. In memoriam Manuel Alvar*. Madrid: Iberoamericana, 271-289.
- KABATEK, Johannes (2013): «¿Es posible una lingüística histórica basada en un corpus representativo?», *Iberoromania* 77, 8-28. <<http://dx.doi.org/10.1515/ibero-2013-0045>>.
- KABATEK, Johannes (2015): «Sprachkultur und Akkomodation», en Michael Bernsen / Elmar Eggert / Angela Schrott (eds.), *Historische Sprachwissenschaft als philologische Kulturwissenschaft. Festschrift für Franz Lebsanft zum 60. Geburtstag*. Bonn: Bonn University Press / V&R Unipress, 165-177.
- KABATEK, Johannes (2016): «Un nuevo capítulo en la lingüística histórica iberorrománica: el trabajo crítico con los corpus», en Johannes Kabatek (ed.), *Lingüística de corpus y lingüística histórica iberorrománica*. Berlín / Nova York: De Gruyter, 1-17.
- KABATEK, Johannes (no prelo): «Spoken and written language», en Xulio Sousa / Ernesto González Seoane (eds.), *Manual of Galician linguistics*. Berlín / Nova York: De Gruyter.

- KELLER, Rudi (1990): *Sprachwandel. Von der unsichtbaren Hand in der Sprache*. Tübingen: Francke, 1994².
- KOCH, Peter (1997): «Diskurstraditionen: zu ihrem sprachtheoretischen Status und ihrer Dynamik», en Barbara Frank / Thomas Haye / Doris Tophinke (eds.), *Gattungen mittelalterlicher Schriftlichkeit*. Tübingen: Narr, 43-79.
- KOCH, Peter / Wulf OESTERREICHER (2007): *Lengua hablada en la Romania. Español, francés, italiano*. Madrid: Gredos.
- KRASHEN, Stephen D. (2003): *Explorations in language acquisition and use*. Portsmouth, NH: Heinemann.
- LABOV, William (1994): *Principles of linguistic change. Internal factors*. Oxford: Blackwell, volume I.
- LORENZO, Ramón (1975-1977): *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. 2 vols. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijoo".
- PAYRATÓ, Lluís (1985): *La interferència lingüística. Comentaris i exemples català – castellà*. Montserrat: Curial edicions catalanes.
- ROTHMAN, Jason (2009): «Understanding the nature and outcomes of early bilingualism: Romance languages as heritage languages», *The International Journal of Bilingualism* 13/2, 155-163.
- SAUSSURE, Ferdinand de (1916/1984): *Cours de Linguistique Générale*, édition critique préparée par Tullio de Mauro, (1^a ed. 1972, sobre a base da versión orixinal de Bally, Secheyay e Riedlinger de 1916) París: Payot.
- SCHUCHARDT, Hugo (1917): Recensión de F. de Saussure, *Cours de linguistique générale* (Lausanne / París: Payot, 1916), *Literaturblatt für germanische und romanische Philologie* 38, 1-9.